



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

## ANUNCIO

De conformidade co disposto no parágrafo 4º da Base 6.2.A. das que rexen o proceso selectivo para a cobertura, por funcionario/a interino/a, dun posto de traballo de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal do concello de Vilanova de Arousa aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 3 de outubro de 2017, comunícase que na xuntanza celebrada o día 23 de xaneiro de 2018, o Tribunal, por unanimidade adoptou o seguinte acordo:

**RESOLUCIÓN DUNHA RECLAMACIÓN PRESENTADA POR UN ASPIRANTE CONTRA AS PUNTUACIÓNS ASIGNADAS NA FASE DE CONCURSO.-** Polo Sr. Presidente dáse conta que o aspirante D. JUAN BAUTISTA RODRÍGUEZ GARCÍA presentou unha reclamación contra a puntuación que lle outorgou o tribunal na fase de concurso que foi de 0,00 puntos. No seu escrito de reclamación solicita que se lle outorguen 2,20 puntos no apartado 6.2.A.1.c) por teren prestados servizos como arquitecto municipal no concello de A Illa de Arousa durante 11 meses.

Revisada a documentación aportada polo aspirante se observa que en efecto consta unha certificación do Secretario Xeral do concello de A Illa de Arousa na que se acredita que o aspirante realizou durante 10 meses as funcións propias de arquitecto municipal do dito concello vinculado á empresa Consultora Galega SA, adxudicataria do correspondente contrato de consultoría e asistencia técnica. Sen embargo, non se acredita na dita certificación *“o horario de presenza física continuada nas dependencias administrativas do contratista”*, tal e como se esixe na Base 6.2.A.2.b) na que se engade que *“na certificación que se aporte deberá recollese integramente toda esta información, pois en caso contrario os servizos non serán valorados”*.

En consecuencia, o Tribunal, por unanimidade, acordou:

**Primeiro.-** Denegar a reclamación presentada polo aspirante, D. JUAN BAUTISTA RODRÍGUEZ GARCÍA confirmando a puntuación de 0,00 puntos que lle outorgou na fase de concurso.

**Segundo.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello.

**Terceiro.-** Declarar conclusa a fase de concurso elevando a definitivas as puntuacións outorgadas con carácter provisional.

Vilanova de Arousa a 24 de xaneiro de 2018

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL



Javier Bouzada Romero